

LEMBRANZAS DE CANDO ÉRAMOS NENOS E MOCIÑOS:

A vida, a escola, o traballo coas vacas e outras historias



Ermitas Fernández coa súa nai e irmáns.

A festa da árbore

Lembramos os maiores que cando éramos nenos e mociños, aló polos anos corenta e cincuenta, por estes días do mes de abril, celebrábase cós nosos mestres a “Festa da Árbore”.

Os nenos de Moeche reuníamonos nalgún lugar do Concello acompañados dos mestres e, nunha demostración de sentido común e previsión de futuro que para si quixeran futuras xeracións -máis necesitadas sen embargo dos beneficios dos entrañables amigos verdes-, plantábase árbores de especies nobres que logo foron, e seguen sendo, exemplares venerables que nos regalan sombra e aire puro.

Por exemplo, ¿sabíades que as árbores que se atopan en S. Ramón, no antigo emprazamento da feira e actualmente da nova Casa do Concello foron plantadas por nós - nenos nesa época- e os nosos mestres?

E todos, ao tempo de plantalos, cantábase o seguinte cantar:

“CANTEMOS AL ÁRBOL”

Cantemos al. árbol que voy a plantar

¿Queréis sombra?: buscadla en el árbol,

¿Queréis fruta?: el árbol os la da.

Aire puro, lo hace el pinar.

Si Dios lo protege del Hombre y del viento,

salud y riqueza dará,

salud y riqueza dará.

Para el aire puro, campestres aromas,

para el caminante, regala la sombra.

Templará los rayos de la luz del Sol,

*por entre sus ramas colgarán las aves sus nidos de amor.
Uno para el otro, los dos viviremos,
él se irá elevando, yo ire creciendo.
Y si triste y solo llego yo a morir,
dejaré en el mundo un árbol siquiera plantado por mi.*



*Diante da escola de Abade no ano 1915. Foto cedida por Xosefa Méndez,
diante, e á dereita, a segunda nena.*

¡Ai, os tempos da escola! A etapa escolar era, en xeral, breve, igual que breve era a infancia naquela época. En teoría, comezaba aos seis anos e finalizaba aos catorce, pero, entre tanto, longas tempadas de inactividade lectiva transcorrían por diversas causas.

Os mestres, escasos e mal pagados, ían e viñan, deixando aos nenos, moitas veces, meses e meses sen escola. Nesas circunstancias adoitábase botar man dalgún veciño, xeralmente unha rapaza que houbese recibido máis escola en comparación aos demais, para que seguise ensinando aos máis pequenos mentres non viña o novo mestre. Era costume de moitos pais cando se mataba o porco, se collían as patacas ou se cocía o pan, levarlle un pequeno presente ao mestre para axudarlle a ir tendo un mellor pasar, e que o descontento non o animase a marchar para outro sitio, deixando a escola pechada. Por algo se acuñou a frase: “Pasa máis fame que un mestre de escola”, para referirse a alguén moi pobre.

Por outra banda, os nenos faltaban continuamente. Se chovía e non se podía traballar moito fóra, o absentismo era menor. Pero se había que chamar as vacas, facer calquera traballo importante, ou mesmo alindar o gando, os pais non reparaban en deixar ao neno (e sobre todo á nena) na casa os días que fixeran falta, facendo o que lle mandaran.



Foto cedida por Inés Tuimil: O seu irmán, de pequeno, traballando coas vacas.

Como xa contamos nalgunha ocasión, á hora de asistir á escola os nenos tiñan preferencia sobre as nenas, xa que eles, de mozos, terían que saír polo mundo adiante para ir a cumprir o Servizo Militar en calquera parte do territorio nacional, e facíase imprescindible que polo menos soubesen ler e escribir. Mentres, as mulleres, o mesmo daba que quedasen practicamente analfabetas. Si, ¿para qué, despois de todo, necesitarían saber tanto cómo un home?

Pero era o signo dos tempos: traballo, traballo e máis traballo. De sol a sol, os sete días da semana e os días todos do ano. Traballo sen tregua, para homes, para mulleres, para vellos, para nenos e para animais.

Lembra un de nós:

“¿Aínda non nos víamos e xa estábamos alindando as vacas no lindeiro ou no monte! ¿E chamando pola corda cando araban a terra!”

Así lembramos os maiores a nosa infancia e cómo, dende que a duras penas podíamos ternos en pé e soste na man unha vara de abeleira, colaborabamos xa nas tarefas dos maiores, que non eran outras que os traballos coas terras e cóos animais, e ambos entre si.

Traballábase a terra para manter as vacas e estas, á súa vez, traballaban a terra e nutrían os seus excrementos para que, regada pola auga do ceo e o suor das xentes e das bestas, producira, con sorte, o alimento para unhas e para outras.

E así, o neno diante -trastabillando no rego-, as vacas detrás -submisas e pacientes- e, tras elas, o home esforzado sobre o arado, compoñían unha das estampas máis típicas da Galicia rural baixo o sol implacable do verán ou o frío e a choiva do inverno.

Lembra Ánxela: *“Cando eu tiña catro anos, ía chamando as vacas diante do arado, cando unha me trepou e rompeume a zoca. Pero tiña a sorte de que preto da miña casa vivía un zoqueiro, e de camiño, miña nai encargoume outra. Pero mentres non había zoca nova, había que andar, ás veces, con dúas do mesmo pé ou unha máis pequena que a outra. E tiña unha veciña, que non sei cantos anos tería, pero era tan pequeniña, que aínda lle había que amarrar as zocas ao pé para que non lle caeran, e xa ía soñando chamando as vacas diante o arado.”*

Obrigación propia dos nenos daqueles tempos era tamén a de levar as vacas a pastar ao lindeiro ou ao monte. ¡E cómo odiábamos aquela tarefa!

Claro, naqueles tempos non existían campos cercados dedicados a pasto, como hoxe en día. Ese era un luxo impensable para unha época na que todas as terras eran poucas para dedicar á labranza, coa esperanza de asegurar así a colleita e a comida na mesa. E os afortunados propietarios de abundancia de terras, alugábanas aos máis pobres, recollendo non só beneficios, senón man de obra gratuíta por parte dos arrendados, e afondando así no abismo existente entre a casa podente e a casa pobre, que tiña que asumir o feito como lei de vida.

Pero nós, sendo nenos, qué íamos a saber das inxustizas sociais. Só sabíamos que era a nós aos que nos correspondía a aburrida tarefa de coller as vacas e alindalas pola corda nos cómaros das leiras hora tras hora interminable ou, aínda peor, levalas ao monte, no que temos pasado verdadeiro terror, sendo como éramos, tan pequeniños no medio dos animais, e considerando que para axudar a manternos obedientes, os maiores metíannos medo con toda clase de cousas: medo aos defuntos e as aparicións, medo aos xitanos, medo ao médico, medo á garda civil e ao cura...

¡Van vir os gardas e vante levar!, ameazaban sen compaixón para que estivéramos quietos ou non fixéramos travesuras. En canto ao médico, e sobre todo ao cura, as súas figuras, cales seres doutra dimensión, estaban para nós imbuídas de tal misterio e dignidade, que a súa mesma presenza nos intimidaba.

¡Habémoste vender aos xitanos para que te leven!, sentenciaban sen piedade para que fósedes axiña a facer o que nos mandaban, deixándonos mudos de medo e preocupación. Os xitanos visitaban os lugares regularmente e acampaban, normalmente, preto dun río ou fonte con lavadoiro, durante dous ou tres días, ata que a Garda Civil -eterna inimiga- os obrigaba a irse. Neste breve período tiñan tempo para as máis diversas ocupacións. As mulleres ían polas casas: *“Ave María Purísima. ¿Tiene alguna limosna para darme?, ¿Le digo la buenaventura?”*. E os homes ocupábanse en comprar vimbios para cestería e, sobre todo, noutras tarefas máis entretidas, tales como dar de

comer a un galo ou galiña un grao de millo atado a un cordel, e logo que o animal o comía, tirar por el ata levalo... á cazola; desenterrar un porco que morrera recentemente (tal vez con algunha axuda pola parte deles) e levalo para o campamento onde daban boa conta del. Recordamos varios de nós que unha vez desenterraron unha porca que lle morrera a un veciño, e levárona entre varios xitanos, acompañada de cánticos e risas, nunha parodia de enterro.



“Muxindo a vaca diante a corte”. Foto cedida por Inés Tuimil

O caso é que cando os xitanos andaban por aí, sempre morría oportunamente algún porco e sempre desaparecían galos ou galiñas dos galiñeiros. Claro que, agora comprendemos que, desprezados (anque fose xustificadamente) pola xente en xeral, e sen ter nada de seu, ¿de qué ían a vivir?

En fin, o caso é que nós tínhamoslles pavor, e cando nos mandaban, tan pequeniños, a alindar ao monte, íamos mirando para todos lados, agardando que, dun momento a outro, saltara sobre nós de detrás dunha árbore ou uns toxos, un xitano que nos metera nun saco e nos levara con el.

Para volver axiña coas vacas para a casa nas longas tardes do verán, tínhamos unha pequena astucia que poñiamos en funcionamento sempre que podíamos. Cando levábamos algún tempo no monte, empezábamos a facer ruído imitando ás moscas: “Sssssrrrrrrrrrr”. As vacas escoitaban, levantaban a cabeza, e axiña se lanzaban a correr có rabo erguido. Entón nós traíamolas para a casa e cando nos preguntaban qué facíamos alí tan cedo, dicíamos: “*moscaron, e tívenas que traer*”, anque claro está que non sempre colaba, e lembra Luciano que lle dicía súa nai: “*¡Ti si que moscache!*”

Lembra unha de nós : “*Unha vez, sendo nena, fun á roza con miña tía, levando unha vaca para alindar alí. Miña tía levaba a merenda e merendamos, e eu bebín un vaso de viño. Logo ela marchou para a casa e eu quedei (moi contenta) alindando a*

vaca. *Pasado un anaco, unha veciña atopoume durmida, vomitada, e coa vaca comendo as patacas recién sulfatadas. ¡Non me quero acordar da que se armou cando o souberon na casa!*!

E engade Emilia : *“Estaba un día alindando no monte e quedeime durmida. Cando espertei non vía as vacas por ningunha parte. Boteime a correr chamándoas a berros, e funas atopar no trigo dun veciño. O peor viña despois, cando o veciño viña a dar as queixas á casa”*.

Cando se cavaba a roza, logo de queimala, sementábase o toxo. A esa sementeira chamábaselle “revolta”, e, cando nacía, os seus brotes tenros eran unha tentación irresistible para as vacas, ás que tínhamos que tornar continuamente e con gran esforzo. Os nosos pais avisábannos a cotío: “¡Tornade as vacas da revolta!”

Amada recorda que, contra as recomendacións de súa nai, alindaba as vacas polas beiras dos regados para que se saciaran axiña e volver pronto para a casa, pero claro, a nai decatábase e roñáballe.

E Imbra Maruxa que o seu irmán Alfredo, gran entusiasta do xogo coa pelota, entretívose unha tarde cós seus amigos, e, pase vai, pase ven, esqueceuse totalmente das vacas que estaba coidando. Cando foi ver, as vacas estaban no millo, recen amontoado, dunha veciña. Contemplando o estropicio, tivo a brillante idea de rarear un anaco e transplantalo aos ocos onde o comeran as vacas. Finalizada a tarefa, na que empregou longo tempo, mirouna satisfeito, seguro de que quedara perfecta e ninguén se ía a decatar do ocorrido. Pero, ¡Ai!, ao día seguinte o millo transplantado non era senón unha herba pampa sobre a terra, perdéndose ademáis do millo comido, o transplantado. E a veciña non tardou nada en vir á casa a pedir contas ao rapaz e a seus pais que seriamente o amoestaron, porque xa chovía sobre mollado.

Si, alindar era un traballo pesado e aburrido, sobre todo nas interminables tardes do verán; e nós pasábamos o tempo como mellor podíamos. Se tínhamos fame ou sede, muxíamos a vaca directamente para a boca ou, máis divertido se cabe, muxíamos para unha flor de abeluria, e despois bebíamos por ela, moi satisfeitos, aquel manxar de deuses. Cando era o tempo, trepábamos polos abruñeiros e comíamos níxaros a fartar. *“¿Cómo non vai estar enferma a pequena, muller, se botou onte toda a tarde colgada das árbores comendo níxaros?”*, disque lle dixo un veciño á nai dunha de nós cando lle comentou que tiña a filla na cama con unha forte indigestión.

Pescudábamos o campo á procura de grilos, que desaloxábamos do seu niño cunha palla ou herba forte. E indagábamos en pequenos escondedoiros baixo o musgo coa esperanza de atopar a guarida dalgún abellón ao que, sen asomo de compaixón, retorcíamos polo medio ata extraer do seu corpo unha gotiña de transparente e docísimo néctar que degustábamos con pracer.

As vacas, verdadeiros tótems sagrados da vida das aldeas galegas de todos os tempos, eran as grandes provedoras. Traballaban e abonaban a terra, procuraban alimento, eran -a través da venta das súas crías- a maior fonte de ingresos en efectivo coa que se contaba na casa, e ata daban calor á xente nas frías noites do inverno, nas que dende a corte situada dentro da casa, transmitían o calor, froito da vitalidade dos seus grandes corpos, a través do piso de madeira do sobrado onde durmía a familia.

As vacas, naqueles tempos, eran seres con entidade propia. Nacían na casa, a maioría das veces, e compartían por anos e anos a vida da familia, que as chamaba polo seu nome propio. A Roxa, A Nova, A Miñota, A Moura, A Marela, A Gallarda, A Xovenca... eran recordadas na casa por moito tempo despois de desaparecidas, e incluso para toda a vida.

E cantas delas criaron ao amor das súas ubres aos nenos da casa nuns tempos nos que a inxestión de proteínas era practicamente inexistente. Cando había un neno pequeniño na casa ao que había que criar con biberón, se había unha vaca que daba bo leite era ela, e soamente ela, a que subministraba o leite ao bebé, que non debía mesturarse nin alternarse có leite doutras vacas. E así, lembra algún de nós terlle escoitado dicir á súa nai e á súa avoa: “*Se non fora pola Roxiña, non te criabas*”.



“A nena chamando as vacas e o home arando a restreba”.
Foto cedida por Alberto Todosantos.

As vacas compartían vida e destino coa xente. Nas casas podentes, tiñan mellor pasar ; nas casas pobres, ao igual que os donos, sufrían máis traballo e peor mantenza. Cando o traballo era pesado, por igual o soportaban. Cando a colleita se perdía ou era pobre, familia e vacas pasaban fame. Se o inverno rabuñaba coa súa pouta fría, e a choiva –tantas veces- sorprendía no lindeiro, o terreo ou o camiño, xente e vacas pingaban á carón xélicas gotas estremecidas.

E, cando no medio do verán o sol castigaba cós seus raios abrasadores, o suor corría trazando sucos pola engurrada pel do campesiño e pola testa e lombo do animal, pingando no chan, ámbolos dous, grosas gotas de cansazo e desesperación nas que vertían a esencia mesma da súa vida.

Cando algunha vaca morría na casa, a traxedia, de tinxes dramáticos e ata místicos, sacudía a vida familiar, e buscábanse presaxios e sinais nos acontecementos que a precedían e que a seguían. Os corvos que grallaban arredor da casa, eran tidos por sinais claras de mortaldade animal. E era costume, cando veciños con gando se cruzaban no camiño, saudar tamén aos animais có consabido: "San Antonio as defenda", intentando así conxurar as forzas malignas do destino.

A vaca morría na casa e enterrábase na leira, cavando a fosa entre o dono e o resto dos homes da familia e o lugar, que prestamente acudían a axudar en tan penosa tarefa. Logo tapábase con cal viva, e botábenselle toxos para que os cans non foran a destapala.

Para protexerse dunha perda de tal magnitude, creáronse as Sociedades Gandeiras, nas cales, por unha módica cantidade fixa que variaba en función do número de animais que posuía, o labrego aseguraba o seu gando e protexíase de tal eventualidade. Así, cando morría unha vaca propiedade dun dos socios, a seguinte cota subía para afrontar o gasto da indemnización ao propietario, e a perda quedaba deste xeito absorbida pola comunidade de socios. Pola zona de Moeche había as sociedades de Abade, S. Xoán e Bardaos.

Pero non todos os labregos podían permitirse pagar as cotas e nestes casos, precisamente os de maior necesidade, as repercusións da morte do animal desencadeaba unha verdadeira onda sísmica que devastaba a economía familiar.

(continuará)